

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Órgano de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	
Denominación do expediente:	Auditoría de contas Anuais SPI GALICIA, SA, Exercicios: 2020-2021-2022	
Ref. Expediente:	ATSP200201	
Tipo contrato:	Servizo	
Procedemento:	Aberto supersimplificado	
CPV:	79212300-6	Servizos de auditoría legal de contas
Importe licitación:	30.000,00 € sen IVE	Prazo execución: Exercicios 2020, 2021 e 2022

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de Contratación.
2. Exame do informe técnico relativo á xustificación das ofertas incursas en baixa desproporcionada
3. Valoración das ofertas admitidas ao procedemento.
4. Acordos da Mesa

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data:	15/12/2020	Hora:	10:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á proposta de adxudicación do expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES

<u>CARGO</u>	<u>NOME E APELIDOS</u>
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

2. EXAME DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS INCURSAS EN BAIXA DESPROPORCIONADA

Subsanadas en prazo polas empresas todas as incidencias, procedeuse a realizar o informe de valoración de acordo co procedemento establecido no prego de licitación e se determina que quedan incursas en presunción de temeridade as seguintes empresas:

- BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.
- BM NEIRA AUDITORES, SLP

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS AO PROCEDEMENTO.

Feita a calificación das proposicións económicas de acordo co baremo establecido no prego, das empresas admitidas a este concurso, obtiveron a seguinte puntuación:

Empresa	Importe oferta (Sen IVE)	Variación % respecto á media aritmética	Puntuación asignada
BM NEIRA AUDITORES, SLP	18.300,00 €	-16,73%	100,00
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	19.500,00 €	-11,27%	89,74
AUREN AUDITORES SP SLP	20.049,00 €	-8,78%	85,05
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	21.750,00 €	-1,04%	70,51
GARCÍA MIERES AUDITORES, S.L.	23.310,00 €	6,06%	57,18
AAMAS AUDITORES, S.L.	25.500,00 €	16,03%	38,46
AUDITORES CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P.	25.500,00 €	16,03%	38,46
AUDITORÍA Y DIAGNOSTICO EMPRESARIAL, S.A.	25.500,00 €	16,03%	38,46
A3M AUDITORES Y CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.	26.550,00 €	20,80%	29,49
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	27.000,00 €	22,85%	25,64

4. ACORDOS DA MESA

- 1) Visto o informe técnico sobre as empresas incursas en presunción de anormalidade, a Mesa de Contratación propón dar por xustificada a presentada por: BM NEIRA AUDITORES, SLP posto que xustifica correctamente a súa oferta, aportando información económica que permita a execución do contrato segundo o contemplado no artigo 149 da LCSP e non admitir a presentada pola empresa: BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.
- 2) Á Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato á empresa **BM NEIRA AUDITORES, SLP** por un importe de **dezaoito mil trescentos euros (18.300,00 €) IVE non incluído**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo.

Se anexa á presente acta o informe relativo ás xustificacións das empresas incursas en valores anormais ou desproporcionados.

Finalmente, dáse por terminado o acto pola Presidenta, e para que quede constancia, esténdese a presente acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación. Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa de Contratación, asíñase pola Presidenta e o Secretario.

A Presidenta da Mesa

O Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas

INFORME TÉCNICO SOBRE XUSTIFICACIÓN DA PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE POLO SEU BAIXO IMPORTE NO EXPEDIENTE “ATSP200201-Auditoría de contas Anuais SPI GALICIA, SA, Exercicios: 2020-2021-2022”

1.- ANTECEDENTES:

Con data 3 de novembro de 2020 publicouse o anuncio **“ATSP200201-Auditoría de contas Anuais SPI GALICIA, SA, Exercicios: 2020-2021-2022”** cun presuposto de licitación sen IVE de 30.000,00 € (Trinta mille uros) e data límite de presentación de propostas 17 de novembro de 2020.

Segundo consta no certificado de rexistro presentan ofertas as seguintes empresas:

GARCÍA MIERES AUDITORES, S.L.
AAMAS AUDITORES, S.L.
BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.
A3M AUDITORES Y CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.
AUDITORES CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P.
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.
AUDITORÍA Y DIAGNOSTICO EMPRESARIAL, S.A.
AUREN AUDITORES SP SLP
BM NEIRA AUDITORES, SLP
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.



Con data 24 de novembro de 2020 realízase a apertura das proposicións económicas cos seguintes resultados:

Licitante	Importe sen IVE	Variación % respecto da media aritmética das ofertas	Presunción de temeridade
GARCÍA MIERES AUDITORES, S.L.	23.310,00 €	6,06%	
AAMAS AUDITORES, S.L.	25.500,00 €	16,03%	
BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.	8.799,00 €	-59,96%	SI
A3M AUDITORES Y CONSULTORES DEL NOROESTE S.L.	26.550,00 €	20,80%	
AUDITORES CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P.	25.500,00 €	16,03%	
AUDITORES ASOCIADOS AAGC.S.A.P.	27.000,00 €	22,85%	
AT CONSULTORES & AUDITORES, S.L.	19.500,00 €	-11,27%	
AUDITORÍA Y DIAGNOSTICO EMPRESARIAL, S.A.	25.500,00 €	16,03%	
AUREN AUDITORES SP SLP	20.049,00 €	-8,78%	
BM NEIRA AUDITORES, SLP	18.300,00 €	-16,73%	SI
NORTE AUDITORES Y ASESORES, S.L.	21.750,00 €	-1,04%	
Media aritmética das ofertas admitidas:	21.978,00 €		



O prego de cláusulas administrativas recolle en relación ás ofertas anormalmente baixas que:
“Para os efectos do disposto no artigo 149 da LCSP, terán consideración de ofertas anormalmente baixas, as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa, se concorre un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en mais de 25 unidades porcentuais, se concorren dous licitadores a que sexa inferior en mais de 20 unidades porcentuais á outra oferta, cando concorran tres licitadores ou mais as que sexan inferiores en mais de 15 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. En tales supostos estarase ao disposto no artigo 149 do TRLCSP.”

En relación aos cálculos sinalados, compróbase que dúas das ofertas presentadas atópanse incursas en presunción de temeridade, polo que con data 25 de novembro de 2020 solicítaselles ás empresas BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.E, e a empresa BM NEIRA AUDITORES, SLP que presenten as xustificacións que estimen oportunas sobre a composición das citadas ofertas económicas e as súas xustificacións tal como se establece no de cláusulas administrativas particulares e no artigo 149 da LCSP:

“En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire a:

- *O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*
- *As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
- *A innovación e a orixinalidade das prestacións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
- *O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables os prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*
- *A posible obtención dunha axuda do Estado.*



Dentro dos prazos establecidos nos criterios de adxudicación do concurso do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares recíbense en SPI Galicia, S.A. as xustificacións das empresas BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.E, e BM NEIRA AUDITORES, SLP.

2.- CONTIDO E ANÁLISIS DAS XUSTIFICACIÓNS

BM NEIRA AUDITORES, SLP

Dentro do prazo sinalado, a empresa remite á Sociedade Pública de Investimentos, S.A. un escrito onde se ratifica na súa oferta económica e que basea no seu coñecemento da actividade da Sociedade e aportando tamén:

- Unha relación certificada dos traballos de auditoría de contas realizados por BM Auditores nas entidades do sector público nos exercicio 2018 e 2019.
- Un estudo pormenorizado do tempo de adicación e dos custos asignados ao traballo de auditoría de contas da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA, no que se inclúe unha descripción das distintas fases de execución do servizo obxeto da presente contratación e as horas de traballo asignadas a cada unha delas, así como un cuadro de custos en base as horas totais estimadas e o custe por hora do personal (os custes de persoal están verificados e se axustan aos aprobados no convenio colectivo estatal de empresas de consultoría e estudos de mercado e da opinión pública). Así mesmo, as axudas de custos para o desprazamento e manutención axústanse á normativa aplicable e son considerados suficientes e adecuados. Por último, o volumen de horas de dedicación ao traballo, e en particular, as horas de traballo de campo nas oficinas de SPI Galicia, se consideran suficientes xa que son similares ás empregadas nos exercicios anteriores.

En base aos prezos xustificandos e os cálculos antes mencionados, o licitante detalla o presuposto do contrato, xustificando así que a oferta non é anormalmente baixa.

Polo tanto, considérase satisfactoria a información presentada para xustificar a oferta deste licitante.



BNFIX NORTE AUDITORES, S.L.P.E

A empresa no seu escrito de constestación, manifesta que a súa oferta económica presentaba un erro numérico e non aporta ningunha xustificación da súa baixa temeraria, polo tanto non da resposta ó solicitado no prego de bases en particular no que se refire a: *“O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción. As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras. A innovación e a orixinalidade das prestacións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras. O respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables os prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*

Polo tanto non procede a súa estimación.

Segundo o mencionado neste informe, considérase que a oferta presentada por BM NEIRA AUDITORES, SLP foi xustificada satisfactoriamente polo que non debe ser excluída da licitación.

O que informa a solicitude da mesa de contratación en Santiago de Compostela a 4 de decembro de 2020.

A COMISIÓN TÉCNICA

A adxunta ao xefe da Área de Administración
e finanzas

Angela Bouzada Valverde



A técnico económico-financeira

M. Esther Souto Lareo